



FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO

Avd. Infanta Elena, S/N-Casa de Deporte

27003 Lugo

Teléfono: 982 240 241

Correo electrónico: galega@fegato.es



DEPORTE
GALEGO

xuntaelectoral2026@fegato.es

ACTA NÚM. 01/2026: CONSTITUCIÓN E NOMEAMENTO DA XUNTA ELECTORAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO (FEGATO)

DATA: 2 de julio de 2026

HORA DE INICIO: 16:00 horas

LUGAR: En liña, por videoconferencia

ASISTENTES:

- D. Santiago Alonso de la Peña
- D^a. Pilar Vidal Barrio
- D. Guillermo Manuel Picón

ORDE DO DÍA:

1. Constitución da Xunta Electoral da Federación Galega de Tiro Olímpico.
2. Nomeamento e aceptación dos cargos de Presidente, Vocal e Secretaria da Xunta Electoral.
3. Establecemento do domicilio oficial e canles de comunicación para o proceso electoral.

DESENVOLVEMENTO DA REUNIÓN:

PRIMEIRO.- Constitución da Xunta Electoral.

Reúnense as persoas arriba indicadas, designadas como membros titulares da Xunta Electoral mediante a correspondente designación na asemblea extraordinaria do 11/04/2026. Unha vez verificado que non concorren neles causas de inelexibilidade nin incompatibilidade de acordo co Regulamento Electoral da FEGATO, declárase validamente constituída a Xunta Electoral para o proceso de eleccións 2026.

SEGUNDO.- Nomeamento e aceptación de cargos.

Por consenso dos membros presentes acórdase a distribución e o nomeamento dos cargos, quedando a Xunta Electoral configurada da seguinte maneira:

- **Presidente/a:** D. Santiago Alonso de la Peña
- **Secretaria:** D^a. Pilar Vidal Barrio
- **Vogal:** D. Guillermo Manuel Picón Iglesias

Todos os designados declaran formalmente a súa aceptación do cargo, prometendo cumprilo con obxectividade, total independencia e conforme o regulamento electoral aprobado pola FEGATO

TERCEIRO.- Domicilio e comunicacións.

Aos efectos de impugnacións, reclamacións e fomento da transparencia, acórdase fixar como domicilio oficial da Xunta Electoral a sede de FEGATO en: Avda. Infanta Elena s/n -CASA DE DEPORTE, 27003 Lugo.



FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO

Avd. Infanta Elena, S/N-Casa de Deporte

27003 Lugo

Teléfono: 982 240 241

Correo electrónico: galega@fegato.es

xuntaelectoral2026@fegato.es



DEPORTE
GALEGO

Así mesmo, establécese como dirección de correo electrónico preferente para a recepción de escritos e notificacións a seguinte: xuntaelectoral2026@fegato.es

ACORDOS ADOPTADOS:

1. Dar por oficialmente constituída a Xunta Electoral da FEGATO para o proceso electoral 2026.
2. Publicar a presente acta de constitución no taboleiro de anuncios da Federación e na páxina web oficial "fegato.es" para o coñecemento de todos os estamentos e clubs, iniciando así o cómputo dos prazos do calendario electoral aprobados pola xunta

Sen máis asuntos que tratar, lévántase a sesión ás 16.30 horas do día 02/07/2026, estendéndose a presente acta que, en proba de conformidade, asinan todos os membros da Xunta Electoral.

Vº e Prace,

O Presidente da Xunta Electoral

Santiago Alonso de la Peña

A Secretaria da Xunta Electoral

Vogal da Xunta Electoral

Pilar Vidal Barrio

Guillermo Manuel Picón Iglesias